



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DO 2017

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís

En Padrón, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total doce dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria que é o seguinte:

1.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN PLENARIA DO ASUNTO DENOMINADO "APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS"

DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017" SEN TER SIDO DITAMINADO PREVIAMENTE POLA COMISIÓN INFORMATIVA.

Dase conta da seguinte proposta de data 20 de febreiro do 2017, que di:

<<Visto que o vindeiro día 24 de febreiro do 2017 ás 14:00 horas remata o prazo para solicitar á Deputación Provincial da Coruña a participación no POS+ 2017 mediante a inclusión do acordo de aprobación, dos proxectos técnicos e demais documentación esixida nas bases que regulan o plan na plataforma SUBTEL dispoñible na páxina web da Deputación para estes efectos, e visto que os proxectos das obras a incluír nos diferentes conceptos foron presentados o día 17 de febreiro do 2017 resulta imposible convocar a correspondente comisión informativa en prazo.

Considerando o disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal:

Primeiro. Ratificar a inclusión do asunto denominado "2.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2017, na orde do día da sesión plenaria convocada para o xoves 23 de febreiro de 2017, dado que o prazo para a presentación da solicitude deste Plan remata o vindeiro 24 de febreiro de 2017.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Pleno da Corporación Municipal, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á súa adopción, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non habendo ningunha intervención, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria co resultado de todos os votos a favor, polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta de data 20 de febreiro de 2017 nos termos expresados anteriormente.

2.- APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017.

Dase conta da seguinte proposta de data 20 de febreiro de 2017, que di:

<<De conformidade co sinalado nas Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017", aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña o 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP número 226, do 29 de novembro de 2016.

Vista a cantidade asignada a este Concello (633.736,17 €) segundo a comunicación da Deputación Provincial recibida o 1 de decembro de 2016 e os criterios de distribución das cantidades por conceptos.

Vista a memoria xustificativa da necesidade das obras elaborada segundo os datos que do Concello de Padrón constan na Enquisa de infraestruturas e equipamento local xestionada pola Deputación Provincial, encargáronse os seguintes proxectos técnicos das obras a incluír nos diferentes apartados deste plan, todos eles redactados polo enxeñeiro de camiños don Julio César Rojo Martínez, de Estudio Técnico Gallego, SA:

1. "Pavimentación avenida Pontecesures (Padrón) e outros".
2. "Reposición abastecemento, beirarrúas e pavimentación en Campo da Feira (Padrón) e outro".
3. "Conexión do saneamento de Extramundi á rede xeral e outro".



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfn: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

4. "Reposición rede xeral abastecemento no lugar de Iria".
5. "Pavimentación rúa Noirmoutier a polideportivo".
6. "Camiño Bascuas - límite Concello Teo (Cruces)".
7. "Camiño no Confurco (Herbón) e outro".

Considerando que a base 5.A das bases reguladoras do plan esixen que sexa o Pleno da Corporación Municipal quen aprobe a solicitude do mesmo e os conceptos e/ou investimentos a incluír en cada apartado seguindo o contido que se recolle non Anexo I das mesmas,

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores.	0,00 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores.	0,00 €
Subtotal pago a provedores.	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	238.114,45 €
Subtotal gasto corrente	238.114,45 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Pavimentación avenida Pontecesures (Padrón) e outros	40.215,80 €	0,00 €	40.215,80 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	40.215,80 €	0,00 €	40.215,80 €

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Reposición abastecemento, beirarrúas e pavimentación en Campo da Feira (Padrón) e outro.	129.069,25 €	0,00 €	129.069,25 €
Conexión saneamento de Extramundi a rede xeral e outro.	42.210,90 €	0,00 €	42.210,90 €
Subtotal investimentos achega provincial 2016	171.280,15 €	0,00 €	171.280,15 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
-----	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
	0,00 €
Subtotal redacción proxectos	0,00 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais.	0,00 €
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibiles.	0,00 €
Subtotal achegas municipais.	0,00 €


F) Reducción de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
CAIXABANK, SA	9620 313 825 35380	184.126,17 €
BBVA, SA	95/45815725	(*)
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		184.126,17 €

(*) Cantidade que resulte ata completar o 100% da cantidade asignada ao Concello de Padrón, en concepto de préstamo provincial 2017 no caso de que para a data de aprobación do Plan a débeda viva da operación relacionada en primeiro lugar sexa inferior como consecuencia do abono das correspondentes cotas de amortización.

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEEDORES	Achega 2016	0,00 €		0,00 €
	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	238.114,45 €		238.114,45 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2017	40.215,80 €	0,00 €	40.215,80 €
	Achega 2016	171.280,15 €	0,00 €	171.280,15 €
	Préstamo 2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
	Achega 2016	0,00 €		0,00 €
F- REDUCCIÓ DÉBEDA	Préstamo 2017	184.126,17 €		184.126,17 €
TOTAL	Achega 2017	278.330,25 €	0,00 €	278.330,25 €
	Achega 2016	171.280,15 €	0,00 €	171.280,15 €
	Préstamo 2017	184.126,17 €	0,00 €	184.126,17 €
	TOTAL	633.736,57 €	0,00 €	633.736,57 €



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Reposición rede xeral abastecemento no lugar de Iria.	104.538,76 €
Pavimentación rúa Noirmoutier a polideportivo.	60.614,04 €
Camiño Bascuas – límite Concello Teo (Cruces).	67.128,62 €
Camiño no Confurco (Herbón) e outro.	42.476,09 €
TOTAIS	274.757,51 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

Seguidamente o señor Alcalde da conta da seguinte enmenda á proposta de data 23 de febreiro do 2017:

<<Visto que o 20 de febreiro o señor Alcalde formula proposición ao Pleno da Corporación Municipal para solicitar á Deputación Provincial da Coruña a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 2017) coa inclusión de diversos investimentos, gasto corrente e redución da débeda.

Visto que a proposición inclúe tamén 4 investimentos no Plan Complementario e nun deles, o denominado "Camiño Bascuas – límite Concello Teo (Cruces)" por importe de 67.128,62 €, advirteuse un erro no proxecto técnico da obra ao superar o trazado do camiño os límites do término municipal de Padrón segundo a cartografía do PXOM e do Instituto Geográfico Nacional, o 22 de febreiro do 2017 o equipo redactor do proxecto presenta un novo coa corrección oportuna cun orzamento de execución por contrata de 41.334,08 €.

Considerando que o artigo 97.5 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) define a enmenda como "la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto", definición que se repite no artigo 40.4 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte enmenda:

Aprobar a corrección do erro detectado no apartado 2.- da proposición do Alcalde, asinada o 20 de febreiro do 2017, no punto número 2 da orde do día da sesión a realizar polo Pleno o 23 de febreiro do 2017, de tal xeito que onde di:

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Reposición rede xeral abastecemento no lugar de Iria.	104.538,76 €
Pavimentación rúa Noirmoutier a polideportivo.	60.614,04 €
Camión Bascuas – límite Concello Teo (Cruces).	67.128,62 €
Camión no Confurco (Herbón) e outro.	42.476,09 €
TOTAIS	274.757,51 €

Debe dicir:

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Reposición rede xeral abastecemento no lugar de Iria.	104.538,76 €
Pavimentación rúa Noirmoutier a polideportivo.	60.614,04 €
Camión Bascuas – límite Concello Teo (Cruces).	41.334,08 €
Camión no Confurco (Herbón) e outro.	42.476,09 €
TOTAIS	248.962,97 €>>

Aberta a quenda de debate sobre a enmenda prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Alcalde. Explica que, como se tiña falado na comisión informativa, nun dos proxectos complementarios xurdiu unha discusión sobre a titularidade dun tramo, si sería de Teo ou sería de Padrón, entón non se vai meter no complementario ese tramo e vaise deducir o importe do proxecto, que en vez de ser por importe de 67.128,62 € pasaría a un importe de 41.334,08 €.

Non producíndose debate sobre a enmenda, o Presidente sométea a votación producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardaí, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda, por maioría, aprobar a emenda presentada de data 23 de febreiro de 2017.

Aberta a quenda de debate sobre o asunto prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Rodríguez Carbia. Di que está totalmente de acordo coas obras, non só esas senón que fan falla moitas máis, pero como xa dixo vai votar a favor deste plan porque algunha das obras que figuran no mesmo foron reiteradamente solicitadas polo seu grupo, en concreto a rede de sumidoiros de Extramundi e a rede de abastecemento de auga en Iria Flavia. Que despois de observado o lugar segue ratificándose en que este proxecto debería levar a recollida de augas pluviais. Pensa que o tema das pluviais tamén é subsanable e non se requiriría unha gran obra de infraestrutura porque ao abrir a zanja para a condución de auga de consumo xa se podería tamén habilitar o da recollida de pluviais e só habería que incidir en catro tramos: un primeiro tramo sería dende a fonte do cemiterio ata o enlace coa N-550, un segundo tramo sería a entrada de cemiterio ata a prazoleta que hai na zona norte do adro da Igrexa de Iria e reconducir polo caleixón que hai pola Casa dos Capeláns, un terceiro tramo sería dende a casa de Gloria ata a pontella e se dividiría en dous tramos, dende a casa de Gloria ao caleixón do Cávila e dende a pontella ao caleixón do Cávila, e o cuarto tramo dende a pontella á tapa de rexistro e alí se reconducirían as augas pluviais que empozan cada vez que chove, polo que entende que este proxecto ten que levar aparelado necesariamente esa recollida de pluviais para que sexa un proxecto efectivo e que palie e solucione estes problemas que se están a plantexar á veciñanza de Iria Flavia.

Sr. Santaló Ríos. Felicita por ofrecer un plan único que permita máis flexibilidade á hora de abordar os gastos correntes do Concello e tamén á hora de presentar un programa de obras que pode atender moito mellor as necesidades dos veciños. Cre que lle van sacar bo rendemento. Repite que todas as obras que se presentan son obras necesarias que van contribuír ao benestar dos veciños, polo que está de acordo. Que non está completamente de acordo co plantexamento dalgunas nas que el puxo máis incidencia coma pode ser a actuación detrás do campo de fútbol. Cree que é unha obra necesaria que foi corrixida con aportacións dos diferentes grupos que están presentes, pero o plantexamento gustaríalle que fora outro. Que está de acordo porque son obras que atenden ás necesidades dos veciños.

Sr. Rodríguez Conde. Di que xa anticipou que van votar a favor porque foron obras consensuadas por todas as forzas que están presentes. Que intentaron ser consecuentes coa elección de ditas obras porque todas son necesarias, pero teñen que decidir cales son as prioritarias. Consideran que hai que cambiar o sistema de elección das obras porque hai que facelo con tempo e ir durante todo o ano propoñendo obras ao goberno para ir mellorando os proxectos día a día. En canto á obra de detrás do campo de fútbol, considera que o proxecto é mellorable, pero as cantidades son as que son e co compromiso que adquiriron o outro día de ir cada ano invertindo cartos alí, dado que nesa zona levan tempo sin facer ningún tipo de investimento. Repite que van votar a favor porque son obras consensuadas por todos os grupos políticos ou case todos.

Sra. Rey Pazos. Empeza dicindo que o seu grupo xa o outro ano presentou unha moción indicando que non estaban de acordo coa forma de elección das obras e servizos, a cal non foi apoiada por todos os compañeiros, pero seguindo o xogo democrático aceptaron, pero isto non quita para ser críticos co goberno á hora de presentar estas obras porque, como pasou o ano pasado, preséntanse a última hora e cos proxectos xa formulados e iso fai que o resto dos grupos só poidan facer pequenas aportacións. Pon, por exemplo, a proposta que acaba de facer o señor Rodríguez Carbia, que é unha proposta que xa non poden valorar nin meditar ou consultar con algún técnico, e que tamén o feito de que se faga a última hora impide que poida haber modificacións substanciais e incluso aportacións de novos proxectos. Anima ao goberno para que empece xa a traballar no próximo ano e faga xa reunións cos grupos da oposición nestes vindeiros meses para poder falar de proxectos e que poidan aportar ideas para facer proxectos en conxunto que valgan para o futuro e non para arranxar o presente. En canto á humanización detrás do campo de fútbol di que é un proxecto moi pouco ambicioso porque están ante unha zona que foi abandonada durante moitos anos e agora parece que o único que se pretende facer é unha solución rápida, asfaltar e pintar, para que os veciños estén tranquilos. Que é unha zona que igual require varias fases, pero o que non se pode é facer proxectos pensados dunha forma independente sen pensar no que se vai facer despois. Que o proxecto esquece moitas cousas: iluminación, mobiliario urbano e a necesidade fundamental de unir esa zona co resto do casco, e con este proxecto non se fai esa unión porque fai das rúas un mero espazo de tránsito e considera que as rúas teñen que ser un espazo de encontro. Considera tamén que é un erro grave non incluír o aparcamento do Campo da Barca porque foi unha condición para a peatonalización e non se está a facer neste plan e cree que non se debe demorar.

Sr. González Pardal. Di que tamén están contentos co plan único que mencionaba o señor Santaló Ríos porque as obras todas son importantísimas para Padrón, pero preocúpalle moito a urxencia coa se lles convoca no

último momento para expoñerlles os proxectos e gustaríalles que houbera máis tempo para decidir entre todos. Que tamén lles preocupa que os 184.126,17 € que se van destinar a pagar parte dos xuros non poidan dedicarse a facer obras no Concello. Que lles preocupa tamén moito que o tellado do pabillón polideportivo non se consiga reparar dunha vez por todas xa que é necesario pola cantidade de xente que o utiliza, tamén o tellado da gardería municipal que é unha obra importante e gustaríalle que estas dúas obras poidan ir incluídas nalgún plan. Con respecto á obra de detrás do campo de fútbol, está de acordo coa señora Rey Pazos de que, ao mellor non é a máis axeitada, pero é algo que teñen pendente cos veciños e cree que isto vai humanizar un pouco máis esa zona.

Sr. Alcalde. Aclara que eses 184.126,17 € non son para pagar xuros, senón que é o principal do restante do plan de pago a provedores do 2013.

Sr. Forján Seoane. Di, ao igual que o voceiro do BNG, que o plan único dá unha serie de liberdade a todos os concellos e ao Concello de Padrón aporta neste momento máis de 633.000 € e no seu día será máis. Chámalle a atención que na proposta di que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos para as diferentes actuacións, pero despois nos informes dos técnicos dinse cousas distintas, como no caso de Extramundi que din que non hai titularidade dos terreos e acaban de aprobar unha emenda precisamente pola dúbida sobre a titularidade dos terreos. Pide que se lle explique que si non hai titularidade e carecen dos permisos sectoriais que son imprescindibles, como van solventar isto nun prazo breve de tempo.

Sr. Alcalde. Contesta que o que declaran é a dispoñibilidade, non a titularidade, e das que fala para os permisos sectoriais, tal e como di a proposta, o que hai que ter é solucionado o tema, non que se teñan que ter concedidos e hai que chegar a este pleno cos permisos sectoriais solicitados e están feitas.

Sr. Forján Seoane. Di, con respecto á obra detrás do campo de fútbol, é un proxecto pouco ambicioso para esa zona xa que ten un esquecemento de fai moitos anos e soamente é facer chapa e pintura como se diría dun coche vello e botan en falla a iluminación, deixar previstas as conducións para logo non ter que volver picar e non hai nada de mobiliario urbano. Adianta que van votar a favor, pero queren deixar claro que é un proxecto insuficiente e non é o que se pretendía cando se aprobou a moción fai uns meses. Por outro lado tamén di que o proxecto chega tarde porque as bases publicáronse o 29-11-2016, hai tres meses, e os proxectos teñen entrada xusto o día anterior á finalización do prazo. Que é algo que hai que corrixir.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta, coa inclusión da emenda presentada, a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e Sanmarco Santos, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 19 de xaneiro de 2017 nos termos expresados anteriormente e coa inclusión da emenda presentada.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as once horas e un minuto, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.



Alcaide-Presidente

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez.